

# INFORME DE AVALIACIÓN FINAL

PROXECTO: MELLORA DAS CAPACIDADES E FERRAMENTAS  
XERADORAS DE CONCIENCIA CRÍTICA NO ENSINO  
INFANTIL, DE PRIMARIA, DE SECUNDARIA E  
UNIVERSITARIO GALEGO. (Convocatoria 2020)

**ACCP e AGARESO**

*Fáisca Consultora*



## CONTIDO

|   |    |
|---|----|
| CONTIDO .....                               | 1  |
| RESUMEN EXECUTIVO .....                     | 2  |
| INTRODUCCIÓN .....                          | 3  |
| OBJECTO .....                               | 5  |
| CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE ..... | 6  |
| VARIABLES DE ANÁLISE .....                  | 9  |
| CONCLUSIÓNS .....                           | 22 |
| RECOMENDACIÓNS .....                        | 24 |
| BIBLIOGRAFÍA .....                          | 26 |
| ANEXOS .....                                | 27 |

## RESUMEN EXECUTIVO

2

O presente documento sintetiza o proceso de recollida, procesamento, análise e interpretación da información desenvolvido no marco da **avaliación final do proxecto: “Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”** de Asemblea de Cooperación Pola Paz e AGARESO, aprobado para financiación pola Subdirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE na convocatoria de proxecto de Educación para Desenvolvemento e a Cidadanía Global do ano 2020, respondendo ás variables de pertinencia, eficiencia, eficacia, impacto e viabilidade. É importante sinalar que dita avaliación céntrase nos Resultados 1 e 2 de este proxecto.

O estudo, delimitado ás provincias de Coruña e Pontevedra da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolveuse co emprego de técnicas cualitativas e cuantitativas e alimentouse con informacións obtidas de fontes primarias, secundarias, persoais e documentais.

A poboación estudada estivo representada por: profesorado e alumnado dos centros participantes no proxecto, persoas técnicas das dúas entidades que co-lideran o proxecto (ACPP e AGARESO) e persoas das asistencias técnicas que participan no mesmo.

Un primeiro avance da información que se presenta con respecto ás variables estudadas é:

1. Con respecto á **PERTINENCIA deste proxecto respecto das necesidades das persoas participantes é MOI ALTA.**
2. En relación á **EFICIENCIA**, considérase esta **MOI ALTA.**
3. A **EFICACIA** da intervención é **MEDIA – ALTA, debido o estado do cumprimento do indicador de impacto do Obxectivo Específico.**
4. O **IMPACTO do proxecto considérase MEDIO**, xa que por unha banda, do alumnado participante na enquisa só o 40% recoñece lembrar “algo” ou “bastante”. Aínda así, pola outra, o segundo público obxecto de proxecto, é o profesorado, que manifesta ter adquirido ferramentas metodolóxicas para mellorar a súa labor.
5. A **VIABILIDADE do proxecto é ALTA.**

## INTRODUCCIÓN



O actual proxecto enmárcase no programa Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento, en diante ESR-EpD. Este programa nace en 1988 en Bélxica coa vocación de ser un movemento de reacción contra as situacións de violencia, intolerancia e racismo, cada vez mais frecuentes na sociedade e contra o avance de partidos de extrema dereita e abertamente misóxinos.

Aínda que nun primeiro momento o ESR nace como ferramenta para loitar contra o racismo nas escolas e na sociedade, tamén se apostou porque o programa fose un instrumento para introducir a educación en valores de maneira transversal e permanente no currículo. Así, o programa foi evolucionando ata converterse nun programa que procura educar na paz, na resolución de conflitos, na solidariedade e na equidade dende unha perspectiva global, que inclúa a responsabilidade persoal e colectiva co desenvolvemento humano. De aí o nome actual: Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento.

Este proxecto constitúe unha aposta integral pola formación en educación e comunicación para o desenvolvemento na comunidade galega, que abrangue desde a educación infantil ata a universitaria e que se presenta como continuación e complemento do proxecto EpD-CpD, financiado pola DXREeUE nas súas convocatorias de educación para o desenvolvemento entre os anos 2011 e 2019, e sen a compoñente de comunicación para o desenvolvemento dende o ano 2009.

ESR-EpD ten como obxectivo xeral contribuir ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia a través da mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego (obxectivo específico).

O proxecto proporciona ferramentas teórica e prácticas para potenciar o diálogo, a participación, a corresponsabilidade e o compromiso transformador en centros educativos das provincias da Coruña e Pontevedra, que ao longo do curso adquiren un compromiso que se concreta nas actividades de ESR-EpD promovidas desde ACP, AGARESO e pola súa comunidade educativa conxuntamente.

É un programa flexible que se adapta ás necesidades e ritmos de cada centro pois, aposte en práctica das distintas actividades faise do xeito consensuado de tal forma que se poida adaptar e mesmo complementar con outras iniciativas propias do centro. Ante todo, pretende dotar de ferramentas e capacidades ao profesorado para que sexa quen traballe co alumnado que cada ano pasa pola aula, coa intención de garantir que o proxecto sexa sostible e o seu efecto multiplicador de cara a construír un “centro transformador”. Ademais das ferramentas, tamén se contemplan intervencións directas co alumnado (dentro e fóra da aula) dende un enfoque socio-afectivo, traballando a través das emocións e das propias opresións e privilexios para lograr un cambio de actitudes cara un mesmo e unha mesma e cara as demais persoas.

**A este respecto, entendemos como avaliación “unha apreciación, tan sistemática e obxectiva como sexa posible, sobre un proxecto en curso ou acabado, un programa ou un conxunto de liñas de acción, a súa concepción, a súa realización e os seus resultados. Ademais de determinar a pertinencia dos obxectivos e o seu grao de realización, a eficiencia en canto ao desenvolvemento, a eficacia, o impacto e a viabilidade, proporcionando unhas informacións cribles e útiles, que permitan integrar os ensinados sacados nos mecanismos de elaboración das decisións”<sup>1</sup>. Esta considérase fundamental para mellorar a planificación, fortalecer as capacidades das entidades involucradas na xestión das intervencións e facilitar a participación e concertación entre todos os actores implicados.**

**Tomando en consideración esta importancia, Asemblea de Cooperación Pola Paz, solicitou o deseño metodolóxico dunha avaliación externa, así como a elaboración dos instrumentos de recolección de información e a elaboración do correspondente traballo de campo, xunto coa entrega dun documento final onde se recollan todas estas apreciacións.**

**O presente documento inclúe os obxectivos do estudo, así coma as características principais da análise (enfoque, variables, metodoloxía, mostra efectuada). Ademais dos resultados do traballo de campo, rematando coas conclusións ás que chega a equipa consultora, e a formulación de recomendacións con vistas futuras intervencións.**

**Na última parte do informe pódense atopar os instrumentos de recollida de datos (no apartado de Anexos).**

---

<sup>1</sup> Definición de Avaliación segundo: CAD, 1995a, p. 178.

## OBXECTO

5

### Obxectivo xeral

- **Avaliar** de maneira integral o Resultado 1 e Resultado 2 do **Proxecto “Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego”**, centrándose dunha maneira especial no desenvolvemento dos mesmos e no seu impacto para chegar a unha serie de conclusións e recomendación con vistas a futuras intervencións.

### Obxectivos específicos

- ✓ Avaliar a adecuación da intervención ao contexto desde dous Resultados (1 e 2) (PERTINENCIA).
- ✓ Avaliar a asignación óptima dos recursos do proxecto respecto destes dous Resultados (1 e 2) (EFICIENCIA).
- ✓ Avaliar o grao de consecución dos Resultados 1 e 2 (EFICACIA).
- ✓ Avaliar os efectos globais da intervención, centrándose nos Resultado 1 e 2 (IMPACTO).
- ✓ Avaliar a sustentabilidade futura da intervención, con respecto dos Resultado 1 e 2 (VIABILIDADE).

## CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE

6

### Enfoque

Trátase de unha avaliación criterial ex-post externa, que responde ao análise de pertinencia, eficiencia, eficacia, impacto e viabilidade, desbotando o proceso de deseño (salvo no relacionado coa pertinencia con respecto ás necesidades da poboación participante), e centrándose no desenvolvemento e no impacto do mesmo.

### Definición das variables de análise

A continuación sinálase unha definición de cada una dos criterios ou variables que se considera importantes medir, ao fin de saber de que estamos a falar.

#### Pertinencia

A avaliación da pertinencia consiste en valorar a adecuación dos resultados e os obxectivos da intervención ao contexto no que se realiza. Coa súa análise estúdase a calidade do diagnóstico que sustenta a intervención, xulgando a súa correspondencia coas necesidades observadas na poboación beneficiaria.

#### Eficiencia

A análise da eficiencia dos proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento fai referencia ao estudo e valoración dos resultados alcanzados en comparación cos recursos empregados.

#### Eficacia

A avaliación da eficacia da axuda ao desenvolvemento trata de medir e valorar o grao de consecución dos obxectivos inicialmente previstos, é dicir, persegue xulgar a intervención en función da súa orientación a resultados.

## Impacto

A avaliación do impacto trata de identificar os efectos xerados pola intervención, positivos ou negativos, esperados ou non, directos e indirectos, colaterais e inducidos. A análise dos impactos céntrase na determinación dos efectos netos atribuíbles á actuación.

## Viabilidade

O axuízamento da viabilidade céntrase na valoración da continuidade no tempo dos efectos positivos xerados coa intervención unha vez retirada a axuda. No ámbito da cooperación este concepto está moi ligado á potenciación dos factores chave de desenvolvemento, e dicir, á apropiación do proceso por parte da poboación beneficiaria.

## Metodoloxía

A metodoloxía da avaliación está baseada en técnicas cualitativas e cuantitativas, coa intención de afondar dunha maneira máis substancial nos procesos desenvolvidos nos resultados R1 e R2, na xestión dos mesmo e no impacto nas persoas beneficiarias.

As **técnicas cualitativas** aplicadas son:

- Obradoiro de avaliación: Dinamizouse un obradoiro de avaliación coas persoas encargadas de liderar o proxecto e coa persoas das asistencias técnicas.
- Entrevistas en profundidade: 2 entrevistas con profesorado encargado da coordinación do proxecto en cada centro correspondente.
- Análise documental:

Os documentos a analizar serán como mínimo os seguintes:

- ✓ Proxecto aprobado (técnico e económico).
- ✓ Informe intermedio.
- ✓ Informe final (técnico e económico).
- ✓ Reformulación.
- ✓ Fontes de Verificación.



As **técnicas cualitativas** aplicadas son:

- **Cuestionario:** aplicado ao alumnado que dos diferentes centros que participaron no proxecto durante este curso. Trátase dunha mostra aleatorio e voluntaria, debido ao tipo de cuestionario (cuestionario en liña) e á vontade dos centros (son os centros encargados de facer chegar o cuestionario ao alumnado).

## Mostra realmente efectuada

Con respecto ao cuestionario, participaron un total de persoas: **243 alumnas e alumnos (123 mulleres; 115 homes; 3 sinalan outro xénero non binaria; 2 NS/NC)**. As procedencias deste alumnado son:

- ✓ CEIP Apóstolo: 36 persoas.
- ✓ CEIP López Ferreiro: 16 persoas.
- ✓ CPR Vilas Alborada: 36 persoas.
- ✓ IES Antón Losada: 14 persoas.
- ✓ IES Ames: 24 persoas.
- ✓ IES Xulián Magariños: 117 persoas.
- ✓ IES Brión: 0 persoas.
- ✓ IES Laxeiro: 0 persoas

En relación ao obradoiro de avaliación: participaron **4 persoas (3 mulleres e 1 home)**. Os seus roles no proxecto son: 2 persoas das entidades que co-lideran o proxecto (1 muller e 1 home) e 2 persoas das asistencias técnicas (2 mulleres).

As entrevistas foron aplicadas a **2 persoas (mulleres)**, unha con un rol de orientadora do IES Laxeiro, e outra co rol de directora do CPR Vilas Alborada.

## VARIABLES DE ANÁLISE



As variables de análises coas súas correspondentes preguntas e respostas son as seguintes:

| PERTINENCIA   |
|---|
| <i>Preguntas referidas á adecuación da intervención ao contexto</i>                                       |
| Correspóndese a intervención coas prioridades e necesidades da poboación beneficiaria?                    |
| Cambiaron as prioridades das persoas beneficiarias desde a definición da intervención? En caso afirmativo |
| Adaptouse a intervención aos devanditos cambios?  |

**Con respecto ás entrevistas desenvolvidas, considerase, tanto dende a dirección dun centro, como dende o departamento de orientación doutro, que o proxecto e as actividades desenvolvidas polo mesmo están adaptadas ao centro.**

Indícase, **dende o departamento de orientación**, que dende a programación mesma que se fai dende alí, así como con outros departamento e mestres, establecen as actividades e contidos a traballar. Sinalándose como temas prioritarios os vinculados co acollemento de novo alumnado (o procedente de primaria), a convivencia, así como outros temas que se tratan de traballar de forma transversal, como por exemplo a igualdade de xénero e a diversidade. Aínda que **manifestan a dificultade na súa transversalización. Comentan como posibles motivos desta problema que tanto profesorado novo, coma rotación de persoal, fai complicado ter un seguimento das actividades e establecer coordinación sistemáticas.**

Dende o departamento de orientación, comentan que como consecuencia da pandemia foron variando as actividades e adaptando estas ás novas necesidades, como por exemplo a necesidade de traballar expresión emocional, como lastre derivado da falta e contacto e interacción social entre o alumado (debido o confinamento que se sufriu no curso anterior). Segundo este departamento, **as novas necesidades víronse atendidas**, e indícase a motivación para o alumnado, de que estas actividades foran desenvolvidas por persoas alleas ao centro, porque permiten expresar de forma máis libre como se senten.

**Dende o equipo técnico do proxecto e as asistencias técnicas, considérase que o axuste ás necesidades é preciso.**

*Conclúese que a **PERTINENCIA** deste proxecto respecto das necesidades das persoas participantes é **MOI ALTA**, xa que se axusta ás necesidades do centro e, cando estas cambian, o proxecto **responde ben a estes cambios**.*

### EFICIENCIA

Preguntas referidas á asignación óptima dos recursos do proxecto

Respectáronse os cronogramas e tempos previstos?

Foi eficiente a transformación dos recursos nos resultados?

En que medida a colaboración institucional e os mecanismos de xestión articulados contribuíron a alcanzar os resultados da intervención?

En xeral, a maioría das actividades foron rematadas nos tempos planificados, agas os obradoiros de radio para alumnado e profesorado no IES de Brión e no CEIP López Ferreiro, que se retrasaron un pouco. Compre destacar que as actividades de coordinación se estenderon ao longo do proxecto, o cal enténdese que mellora o funcionamento do mesmo.

Con respecto ao materiais facilitados e utilizados nas aulas, tanto a orientadora coma a directora entrevistadas, valóranos positivamente. Indicando, ao mesmo tempo, o esforzo na actualización do deseño dos materiais, para que estes resulten máis manexables e motivadores. Cítase de xeito concreto os pasaportes de xénero, e os paneis explicativos.

Fan fincapé na importancia de empregar medios audiovisuais e rechamantes, para conseguir a motivación do alumnado (exemplos: curtos e material traballados con AGARESO), en contraposición sinalase que se debe fuxir do emprego de manuais ou lectura de artigos (non indica que o empregue neste proxecto concreto. Fai esta mención a raíz de outras experiencias que levaron a cabo).

En relación á colaboración institucional, é importante destacar que toda a coordinación que se fai dende o proxecto cós centros é moi importante para o bo funcionamento dos mesmos. Ao igual que a coordinación que se fai coas persoas das asistencias técnicas que facilitan os obradoiros.



Compre ter en conta que a Xunta financia o 90% do proxecto polo que é imprescindible para alcanzar os resultados.

*Como conclusión, debido ao **bo funcionamento dos tempos, á boa acollida dos materiais e os obradoiros e a esforzo de coordinación coas institucións participantes, considérase que a EFICIENCIA do proxecto é MOI ALTA.***

| EFICACIA  |  |
|---|--|
| <i>Preguntas referidas ao grao de consecución dos obxectivos</i>                    |  |
| Alcanzáronse os resultados previstos da intervención?                               |  |
| Lográronse outros efectos non previstos?  |  |
| Atoparon dificultades os destinatarios para acceder ás actividades da intervención? |  |

En xeral, pódese dicir que se alcanzaron os resultados previstos na intervención, como se pode ver no análise dos indicadores que aparecen a continuación. Existen algunha diferenza cuantitativas á hora da realización, pero en termos xerais os indicadores dos Resultado 1 e 2 están cumpridos (sinálase en negriña aqueles que non foron de todo alcanzados).

A nivel global, máis alumnado do estimado participou no proceso de análise crítica que formula o proxecto. Aínda que só o 40% do alumnado enquisado que sinalou ter participado nos obradoiro recorda “algo” o “bastante” da intervención na que participou (indicador de impacto do Obxectivo Específico), o cal supón unha estimación menor da esperada no alcance do Obxectivo Específico. Con respecto a esta cuestión, e como xa se sinala no apartado de impacto, considérase que este cuestionario debíase pasar a finais do curso pasado, e non a comezos de este, xa que pode haber persoas que teñan participado nos obradoiros, e non na enquisa, e o revés.

Non se ten constancia de efectos non previstos trala realización do Resultado 1 e 2 do proxecto.

Ao longo do proxecto, por mor da COVID tivéronse que axustar determinadas actividades porque o alumnado non podía realízalas. Estas actividades foron substituídas por outras, as que o alumnado tivo acceso sen problemas.

Estas actividades son:

- ✓ A.1.1.6: Reforzo e apoio das equipas de mediación do IES Milladorio, IES Laxeiro e IES Xulián Magariños; que foi substituída polo reforzo das habilidades sociais e de convivencia positiva en ditos centros. Realizouse un obradoiro por centro relacionado coas temáticas sinaladas.
- ✓ A.1.2.3. Obradoiro de animación dun conto de educación para o cambio social empregando a técnica de Stop Motion no CEIP López Ferreiro; que foi substituída pola realización de 6 pezas de radio editadas.

*Tendo en conta o logro dos **indicadores dos Resultados 1 e 2** pódese dicir que a **eficacia é alta, pero sen embargo, nótase unha diminución do cumprimento do indicador de impacto do Obxectivo Específico, esencial para contribuír ao obxectivo xeral, polo que conclúese que a EFICACIA en MEDIA – ALTA.***

|                      | INDICADORES CONCRETOS A AVALIAR (1 e 4 / 4)   | SITUACIÓN AVALIACIÓN   |
|----------------------|---|--|
| OBXECTIVO ESPECÍFICO | Ao finalizar o proxecto, polo menos 990 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, a interculturalidade, a igualdade de xénero, a resolución pacífica de conflitos e promoción da cultura de paz | 1.031 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica, segundo o informe final.<br><b>7 certificados de realización de actividades.</b>            |
|                      | Ao finalizar o proxecto, polo menos o 70% do alumnado participantes manifesta ter reflexionado sobre valores básicos no eido da cidadanía global  | <b>O 40% do alumnado participante do cuestionario que sinalou ter participado nos obradoiro recorda “algo” o “bastante” da intervención na que participou.</b> |

|             | INDICADORES CONCRETOS A AVALIAR MODIFICADOS* (10/10)  | SITUACIÓN AVALIACIÓN   |
|-------------|---|--|
| RESULTADO 1 | Ao finalizar o proxecto, oito centros de ensino non universitario teñen participado nas actividades do proxecto durante o curso 2020-2021 cunha participación de, cando menos, 990 alumnas e alumnos e 24 docentes  | 1.031 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica, segundo o informe final. Se conta coa planificación de actividades en 8 centros de ensino non universitario. 20 docentes participan das actividades do proxecto, segundo o informe final.   |
|             | Ao finalizar o proxecto, polo menos 250 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria e 750 de secundaria traballaron actitudes que facilitan unha convivencia positiva co respecto ás demais persoas, interculturalidade, igualdade de xénero e promoción da cultura da paz | Polo menos 481 alumnos e alumnas de educación infantil e primaria e 550 de secundaria traballaron actitudes que facilitan unha convivencia positiva co respecto ás demais persoas, interculturalidade, igualdade de xénero e promoción da cultura da paz, segundo o informe final.<br><b>7 certificados de realización de actividades.</b>                             |
|             | Durante o curso escolar, os centros escolares con ensino de infantil traballan arredor da guía de contos transformadores.   | 10 contos editados   |
|             | Realizadas 16 intervencións de teatro foro sobre xénero, interculturalidade e prevención de conflitos   | <b>9 obradoiros desenvolvidos de 100 min, en lugar de 16 de 50 min.</b>  |
|             | Realizados 12 obradoiros de relacións igualitarias  | 13 obradoiros de relacións igualitarias, segundo o informe final.  |
|             | *Ao finalizar o proxecto, reforzadas as habilidades sociais e de convivencia positiva no IES Xulián Magariños de Negreira e no IES Antón Losada de A Estrada, cando menos, 30 mozas e mozos.  | 1 obradoiro de mediación escolar realizado no IES Xulián Magariños de Negreira. 2 persoas (mulleres) participantes.<br><br>1 obradoiro de habilidades sociais (transición positiva dos conflitos) realizado no IES Antón Losada de A Estrada. 19 persoas: 3 mulleres, 16 homes.<br><br><b>Total participantes entre os dous obradoiros: 21: 5 mulleres e 16 homes.</b> |
|             | Ao finalizar o proxecto, cada centro escolar participa do deseño dun almanaque escolar feminista para o curso 2020-2021   | Cumprido   |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | Ao longo do curso, o material didáctico do proxecto é empregado nos oito centros escolares e serve para xerar reflexións          | O profesorado entrevista valora como positivo o material didáctico do proxecto empregado nos centros escolares   |
|  | Ao finalizar o proxecto, a comunidade educativa ten aumentada a súa sensibilización sobre valores fundamentais e cidadanía global | O 40% do alumnado participante do cuestionario que sinalou ter participado nos obradoiro recorda “algo” o “bastante” da intervención na que participou.<br><br>O 100% do profesorado entrevistado afirma ter aprendido metodoloxía novas para aplicar na aula. |



|             | INDICADORES CONCRETOS A AVALIAR MODIFICADOS* (9/9)  | SITUACIÓN AVALIACIÓN  |
|-------------|---|---|
| RESULTADO 2 | Ao finalizar o proxecto, realizados 4 obradoiros educomunicativos - radio, stop motion, vídeo-cartas e curta documental – de entre 2 e 6 sesións de 2 horas cada unha | 4 obradoiros – radio, vídeo-cartas e curta documental- de entre 2 e 6 sesións realizados.   |
|             | Ao finalizar o proxecto, 100 alumnas e alumnos, sendo cando menos a metade rapazas, participa en 4 obradoiros educomunicativos.                                       | 97 alumnas e alumnos participaron nos obradoiros educomunicativos (máis da metade rapazas)  |
|             | No remate do proxecto, polo menos 3 pezas de radio editadas e penduradas na plataforma web  | 6 pezas de radio editadas polo IES López Ferreiro   |
|             | No remate do proxecto, realizada unha curta documental sobre temática social  | 1 curta documental realizada  |
|             | *No remate do proxecto, polo menos 6 pezas de radio editadas e penduradas na plataforma web.  | 5 pezas de radio editadas polo IES Brión  |
|             | No remate do proxecto, polo menos 20 vídeo – cartas gravadas e compartidas entre alumnado de República Dominicana e alumnado dun centro educativo galego              | <b>19 vídeo – cartas gravadas (15 de alumnado de aquí e 4 de alumnado de República Dominicana)</b>  |
|             | No segundo mes, transferidas ao profesorado participantes as guías didácticas dos obradoiros educomunicativos   | 2 guías didácticas editadas (Radio escolar feminista + Curta documental)  |
|             | No remate do curso, realizados polo menos 4 presentacións públicas dos resultados dos obradoiros de educomunicación   | As presentacións públicas fixéronse en liña, segundo a información do informe final.  |
|             | Ao remate do proxecto, aumentadas as capacidades educomunicativas de polo menos o 70% do alumnado participante  | Segundo as avaliacións dos obradoiro desenvolvidas: máis do 70% do alumnado puntuou entre 5 -10 os items a valorar referidas, na súa maioría, ao aumento das capacidades educomunicativas |

## IMPACTO

*Preguntas referidas aos efectos globais da intervención*

Contribuíu a intervención a alcanzar o obxectivo global proposto?

Logrouse un impacto positivo sobre as persoas beneficiarias directos considerados?

Producíronse impactos positivos non previstos sobre as persoas beneficiarias?

Producíronse impactos negativos non previstos sobre as persoas beneficiarias?

En función do análise feito no apartado de eficacia segundo dos Resultados 1 e 2, pódese afirmar que, o **obxectivo específico se cumpriu de tal maneira que contribuíu a alcanzar un pouquiño máis o obxectivo global proposto no proxecto: “Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia”.**

Como **impactos positivos nas persoas entrevistadas** (orientadora e directora)ponse de releve as seguintes consideracións:

- O contacto coas persoas técnicas que imparten as actividades, no senso de intercambio de ideas coas mesmas e crear relacións fóra do centro.
- Un maior coñecemento do alumnado, coñecer o punto de vista do alumnado permitindo visibilizar cuestións persoais que descoñecía.

**Tamén sinalan como cambios positivos** que as actividades aportándolles experiencias e recursos que posteriormente pode empregar, ademais de enriquecemento persoal. Tamén sinalan como positivo o feito de poder proporcionar ideas para o vindeiro curso, enfocando certas necesidades que inicialmente non estaban consideradas como tal no centro.

**Dende o seu punto de vista o impacto que existe impacto no alumnado**, no senso en que a combinación da actividades desenvolvidas por ACPP, xunto coas que lle da prioridade o centro (no plano da educación para o desenvolvemento), dan lugar a un **alumnado máis comprometido (implicado, crítico e solidario, etc.)**. Posto que o centro non so lle da importancia á formación académica. Engaden: moitas actividades son motivadoras para o alumnado, que responde de forma positiva, e, ao mesmo tempo, permiten visibilizar problemáticas e inxerencias que eran descoñecidas para o persoal docente e o centro.



Aínda así, **no cuestionario do alumnado móstrase un impacto menor que o comentado nas entrevistas.**


16

Á pregunta “**En cal dos seguintes obradoiro participaches o ano pasado?**”, obtemos as seguintes respostas:

| Actividade                                 | Nº de Respostas | Porcentaxe de Respostas |
|--|-----------------|-------------------------|
| Teatro Foro/ Teatro da Oprimida.           | 32              | 13%                     |
| Obradoiro de Relacións Igualitarias.       | 56              | 23%                     |
| Reforzo das equipas de medicación escolar. | 15              | 6%                      |
| NS/NC                                      | 140             | 58%                     |
| <b>Respostas recollidas</b>                | <b>243</b>      |                         |

É posible que, coma o cuestionario foi aplicado ao curso seguinte, o alumnado que contestou sexa diferente ao que participou dos obradoiros. Outra cousa a destacar, é que nesta pregunta non se dá a opción de sinalar todos os obradoiros desenvolvidos no plano da comunicación, polo que as respostas quedan incompletas.


Isto pode ser unha xustificación para que exista un grande número de respostas na opción “Non sabe/ non contesta”. Ao que tal vez se una unhas das consecuencias da COVID 19: a desubicación temporal dos recordos que acontece nas persoas dende o confinamento.



Con respecto á pregunta: “Que recordas dos obradoiros nos que participaches?”, que é a realmente interesa con vistas a medir o impacto de maneira indirecta, as respostas cualitativas analizadas, dan lugar ao seguinte cadro:

| Actividade                                 | Nº Respostas | Nada      |            | Algo      |            | Bastante  |            |
|--|--------------|-----------|------------|-----------|------------|-----------|------------|
|  |              | Nº        | %          | Nº        | %          | Nº        | %          |
| Teatro Foro/ Teatro da Oprimida.           | 32           | 20        | 63%        | 9         | 28%        | 3         | 9%         |
| Obradoiro de Relacións Igualitarias.       | 56           | 30        | 54%        | 13        | 23%        | 13        | 23%        |
| Reforzo das equipas de medicación escolar. | 15           | 12        | 80%        | 2         | 13%        | 1         | 7%         |
| <b>TOTAL</b>                               | <b>103</b>   | <b>62</b> | <b>60%</b> | <b>24</b> | <b>23%</b> | <b>17</b> | <b>17%</b> |

Que se pode ver reflexado a nivel global (termos xerais) na seguinte gráfica:



Dentro das respostas clasificadas como “Nada” encóntranse afirmacións como: “non recordo nada”, “paseino moi ben”... Dentro das respostas clasificadas como “Algo” encóntranse recordos anecdóticos das actividades como por exemplo “contaron un chiste racista”. Dentro das respostas clasificadas como “Bastante” encóntrase afirmación relacionada coa finalidade da actividade como “que todas as persoas somos iguais e temos que tratalas ben”.

Con respecto a isto, no segundo cadro, pódense apreciar a clasificación das respostas en función das actividades. Na gráfica faise un resumo dos totais, obtendo, que **o 40% do alumnado que manifesta ter participado nalgún obradoiro recorda entre “algo” e “bastante” a actividade desenvolvida.**

Unha anotación a ter en conta é que, se o cuestionario fose aplicado ao final do curso en cuestión, tal vez máis persoas participantes nos obradoiros poderían ter contestado, e tal vez as porcentaxe tivesen variado, xa que, todas as persoas participantes na enquisa estarían vencelladas a algún obradoiro.

Aínda así, este resultado é **acorde coas observacións que o persoal técnico do proxecto e as persoas das asistencias técnicas fan sobre o impacto do proxecto:** “O impacto véxoo baixo, porque non permea no centro, non se traslada ao resto do centro. O resto do profesorado percibe que somos persoas que imos facer obradoiros e fornece de materiais. Non está interiorizado a nivel de centro para que o proxecto se manteña.”

### Estas mesmas persoas formulan, como solución:

- Que o equipo directivo estea implicado.
- Poder identificar as necesidades do alumnado e o profesorado.
- Facer todos os obradoiros en todos os centros por nivel educativo, axustando por niveis, a rapazada que empeza en primeiro pasa por todos segundo o nivel educativo.
- Crear unha estrutura de proxecto que baseada no tema da convivencia: relacións, estruturas de poder, coidado á natureza... Unificar todo baixo un fío condutor que serva para traballar os diferentes temas, tendo todo un sentido nunha liña máis grande que teña como tema central: “a convivencia, a cultura de paz” (compartindo as metodoloxías e conectando os obradoiros entre eles).

**Como impactos non previsto dentro do proxecto, as persoas entrevistadas, fan mención** a que en algúns grupos a actividade resulta moi positiva ao igual que a valoración global da mesma por parte de alumnado. Pola contra, outras veces no se acadan estes resultados, vinculando este feito a actividades ou temas reiterativos (Esta circunstancia non a asocia ao proxecto que estamos avaliando, se non que o comenta a nivel xeral).

**Por outra banda,** estas mesmas persoas, **poñen énfase na importancia da realización deste tipo de actividades no remate das avaliacións/exames,** logrando así, que o alumnado poida centrarse mais na actividade. Neste senso, destacan a importancia da temporalización para un bo resultado e implicación do alumnado coas actividades (tampouco esta circunstancia vincúlana ao proxecto).

### Tamén sinalan como cousas positivas acontecidas e que non esperaban:

- O almanaque feminista, como acción moi positiva, ademais de entusiasmante, tanto para alumnado como para o profesorado do centro.
- O feito de actualizar continuamente os recursos e materiais, e que estes sexan máis accesibles.
- O Teatro Forum, no que se tratou o tema da resiliencia.
- A boa coordinación e complementariedade do Programa de Centro e as propostas de traballo de ACPP.

A partir de estas afirmación, considérase importante sinalar que todos esas impacto que as persoas entrevistadas sinalan como non previstos, estaban planificados polo proxecto.

20

***Conclúese que o impacto do proxecto é MEDIO, xa que por unha banda, do alumnado participante na enquisa só o 40% reconece lembrar “algo” ou “bastante”. Aínda así, o segundo público obxecto de proxecto, é o profesorado, que manifesta ter adquirido ferramentas metodolóxicas para mellorar a súa labor.***

***Por outra banda, segundo os datos recabados a través das persoas que lideran o proxecto e a través das asistencia técnicas, é importante traballar para que o proxecto sexa un todo fiado baixo a mesma liña argumental: Convivencia e Cultura de Paz. E ademais traballar para que o proxecto cale no centro, dende a equipa directiva ata o alumnado, pasando polo profesorado.***

***Con respecto aos impactos non previstos considerados, comentar que unha presentación do proxecto na súa plenitude ao principio do curso, podería dar unha visión máis completa do mesmo, non só dos obradoiros a realizar.***

## VIABILIDADE

*Preguntas referidas á sustentabilidade futura da intervención*

Mantéñense os beneficios da intervención unha vez retirada a axuda externa?

Séguese xerando os recursos necesarios para o mantemento das actividades?

Inflúise positivamente sobre a capacidade das persoas beneficiarias?

O 40% do alumnado enquisado que manifesta ter participado nos obradoiros do proxecto recordan polo menos “algo” do alí acontecido, sendo un 17% os que recordan “bastante” e supuxo para elas/es un cambio ou reafirmación nos seus pensamentos sobre igualdade e non discriminación e o “botrato” cara as persoas.

En relación ao profesorado, as persoas deste colectivo entrevistadas, manifestan ter aprendido novas metodoloxías para traballar co alumnado no futuro.

O que constata, que tanto os beneficios da intervención mantéñense en parte unha vez retirada a axuda externa, e tamén que influíuse positivamente sobre as capacidades das persoas beneficiarias.

En canto os recursos necesarios para o mantemento das actividades, o proxecto xerou novos recursos para o curso 2021/2022 ao ser subvencionado pola DXRREE e coa EU na convocatoria de proxectos de Educación para a Cidadanía Global do ano 2021.

***Conclúese por tanto que a viabilidade do proxecto é ALTA, xa que se xeraron recursos para seguir coas actividades (aínda que fose a través de subvencións) e ademais, máis do 50% dos colectivos destinatarios (profesorado e alumnado) participante nesta avaliación manifesta (xa sexa directa ou indirectamente) ter conseguido aumentar as súas capacidades e mantelas tempo despois da intervención.***

## CONCLUSIONES

- ✓ **A PERTINENCIA deste proxecto respecto das necesidades das persoas participantes é MOI ALTA**, xa que se axusta ás necesidades do centro e cando estas cambian o proxecto responde ben a estes cambios.
- ✓ Debido ao bo funcionamento dos tempos, á boa acollida dos materiais e os obradoiros e a esforzo de coordinación coas institucións participantes, considérase que a **EFICIENCIA do proxecto é MOI ALTA**.
- ✓ Tendo en conta o logro dos indicadores dos Resultados 1 e 2 pódese dicir que a eficacia é alta, pero sen embargo, nótase unha diminución do cumprimento do indicador de impacto do Obxectivo Específico, esencial para contribuír ao obxectivo xeral, polo que conclúese que a **EFICACIA en MEDIA – ALTA**.
- ✓ **Conclúese que o IMPACTO do proxecto é MEDIO**, xa que por unha banda, do alumnado participante na enquisa só o 40% reconece lembrar “algo” ou “bastante”. Aínda así, o segundo público obxecto de proxecto, é o profesorado, que manifesta ter adquirido ferramentas metodolóxicas para mellorar a súa labor.

Por outra banda, segundo os datos recabados a través das persoas que lideran o proxecto e a través das asistencias técnicas, é importante traballar para que o proxecto sexa un todo fiado baixo a mesma liña argumental: Convivencia e Cultura de Paz. E ademais traballar para que o proxecto cale no centro, dende a equipa directiva ata o alumnado, pasando polo profesorado.

Con respecto aos impactos non previstos considerados, comentar que unha presentación do proxecto na súa plenitude ao principio do curso, podería dar unha visión máis completa do mesmo, non só dos obradoiros a realizar.

- ✓ **En relación á VIABILIDADE do proxecto é ALTA**, xa que se xeraron recursos para seguir coas actividades (aínda que fose a través de subvencións) e ademais, máis do 50% dos colectivos destinatarios (profesorado e alumnado) participante nesta

avaliación manifesta (xa sexa directa ou indirectamente) ter conseguido aumentar as súas capacidades e mantelas tempo despois da intervención.





## RECOMENDACIÓNS

O proxecto axústase ás necesidades do centro e cando estas cambian o proxecto responde ben a estes cambios.

Aínda así, menciónase a dificultade da transversalización das temáticas, tanto por parte do profesorado entrevistado (ver apartado de pertinencia), coma das persoas que realizan as asistencia técnicas (citado indirectamente no apartado de impacto).

En relación a isto último, **as persoas das asistencia técnicas, e as persoas que lideran o proxecto, fan unha achega** que sería bo ter en conta, como é facer todos os obradoiros en todos os centros por nivel educativo, axustando por niveis. É dicir, que a rapazada que comeza no primeiro nivel pase por todos os obradoiros segundo o nivel educativo.

**Unha proposta sería:** *1º ESO: Mellora das Relacións de Convivencia, 2º da ESO: Relacións Igualitarias, 3º da ESO: Teatro da Oprimida, 4º da ESO: Obradoiros de comunicación.* Deste xeito, traballarían a prevención de conflitos ao entrar no IES, e o resto das temáticas, segundo foran avanzado de nivel, para rematar cos obradoiros de comunicación, que recollerían todos os aspectos traballados nos cursos anteriores.

Esta proposta responde ademais á inxerencia que se formula no apartado de IMPACTO, e que ten que ver con crear unha estrutura que baseada na convivencia: relacións, estruturas de poder, coidado á natureza... que unificara, un fío condutor que serva para traballar os diferentes temas, tendo todo un sentido nunha liña máis grande. Tratar de unificalo todo e que o tema central sexa: “a convivencia, a cultura de paz”, compartindo as metodoloxías e como conectándoas.

Ademais, sería unha solución, para ordenar os temas segundo os cursos, de tal maneira que non resulten reiterativos.

**Outra cousa importante a ter en conta** (e que tamén se menciona no apartado de impacto) é a temporalización das actividades, co fin de que o alumnado se centre máis nelas. Sería

importante, como comenta o profesorado, buscar que a execución das mesmas sexa unha vez rematen os exames ou as avaliacións.

 25

Recoméndase ter en conta o comentario do profesorado entrevistado relacionado coa utilización de medios audiovisuais e rechamantes para conseguir a motivación do alumnado, afastándose do emprego de manuais e lectura de artigos.

É importante traballar para que o proxecto cale no centro, dende a equipa directiva ata o alumnado, pasando polo profesorado. Con respecto a isto, sería recomendable facer un diagnóstico de necesidades por colectivos (alumnado; profesorado e equipo directivo) co fin de saber “que necesitan para implicarse máis nos procesos do proxecto” (como pregunta motivadora).

Unha suxestión respecto deste último punto é que tal vez sexa mellor centrar os esforzos no persoal permanente no centro, é dicir, profesorado que teña a súa praza definitiva nese centro e que non espere cambiar nun rango de 3 ou 4 anos.

Para rematar, é interesante considerar unha presentación colectiva de todo o proxecto ao profesorado participante unha vez inicie o curso, para comentarlle as novas accións do proxecto e, se existen, as modificacións na coordinación.

Unha proposta respecto disto é invitar a unha reunión de todos os centros nunha xuntanza en liña, de tal maneira que poida ser máis eficiente e eficaz a comunicación de principio de curso.

Por último, e como recomendación para futuras avaliacións, considérase conveniente que a recollida de información final respecto do proxecto en curso, fágase en xuño, ao rematar os exames, de tal maneira que se poda medir o impacto real do acontecido durante ese curso.

## BIBLIOGRAFÍA

Arredondo, M.; Ruiz, A.; Sanz, B.; Sanz, J.C.; Vélez, C. y Vélez, J.M. (2007). *Manual de Gestión de Evaluaciones de la Cooperación Española*. Ministerio de Asunto Exteriores y de Cooperación

Redinfor Perú (2018). Material e bibliografía complementaria do curso virtual: *Monitoreo y Evaluación de Programas y Proyecto Sociales*. Redinfor Servicios para el Desarrollo.



**AGARESO**  
Asociación Galega de Comunicación  
para o Cambio Social



**XUNTA  
DE GALICIA**



## ANEXOS



## PROPOSTA XUNTANZA 19/10/2021: AVALIACIÓN

28

### 1º DINÁMICA

#### 1. Valoración individual con Post-it (10-15 min.)

##### ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS NECESIDADE

- De 1 a 10 como o valorarías?
- Que precisamos para ir un paso máis alá?

##### EXECUCIÓN

- De 1 a 10 como o valorarías?
- Que precisamos para ir un paso máis alá?

##### IMPACTO

- De 1 a 10 como o valorarías?
- Que precisamos para ir un paso máis alá?

#### 2. Plenaria (15 min.)

### 2º DINÁMICA

#### 1. Valoración individual con Post-it (10-15 min.)

##### **Tendo en conta as melloras para ir un paso máis alá... que precisarías...**

...ACPP de AGARESO – AGARESO de ACPP?

...ASISTENCIAS TÉCNICAS de ACPP e AGARESO – ACPP e AGARESO de A.T.?

...PERSOAS TÉCNICAS e AT do PROFESORADO (*capacidades, habilidades e actitudes*) – PROFESORADO de AT e PERSOAS TÉCNICAS?

...PERSOAS TÉCNICAS e AT do ALUMNADO (*capacidades, habilidades e actitudes*) – ALUMNADO de AT e PERSOAS TÉCNICAS?

...PROFESORADO do ALUMNADO (*capacidades, habilidades e actitudes*) – ALUMNADO do PROFESORADO?

...ALUMANDO doutro ALUMNADO?



29

**2. Plenaria: 20 min.**

## ENTREVISTA EN PROFUNDIDADE AO PROFESORADO DE “ESCOLAS SEN RACISMO”

**Con respecto á AVALIACIÓN DO PROXECTO “ESCOLAS SEN RACISMO 2020” (o curso pasado) A NIVEL GLOBAL:**

1. Responden as actividades nas que participaches ás túas necesidades reais?
2. Cambiaron as túas necesidades ao longo do proceso? De que maneira?
3. En caso afirmativo, estas novas necesidades víronse atendidas ao longo do mesmo?
4. Cambiou algo a túa intervención profesional grazas ao proxecto “Escolas Sen Racismo” ao longo deste último curso?
5. Cambio algo a túa visión persoal?
6. Como valoras os materiais facilitados e utilizados nas aulas?
7. Crees que a intervención tivo impacto no alumnado? En que sentido?
8. Podes sinalar algunha cousa positiva que non esperabas que sucedera durante o proceso e sucedeu? Hai algunha negativa?
9. Para rematar, tes algunha suxestión de mellora con respecto ao proxecto desenvolvido?

## CUESTIONARIO ALUMNADO

1. En cal dos seguintes obradoiro participaches o ano pasado? (Sinala con unha X unha soa que resposta, a que máis se axuste)
  - Teatro Foro/ Teatro da Oprimida.
  - Obradoiro de Relacións Igualitarias.
  - Reforzo das equipas de medicación escolar.
  - NS/NC
2. Que recordas deste obradoiro?  
(Pregunta aberta)